



“(...) Estonces haberá pr’a nosa terra unha alborada de rexurdimento, porque morto o centralismo terá que morrer tamén o caciquismo que nos afoga e que soilo vive das falcatuadas, amparado por esa centralista forza bruta e absurda que non sabe dar máis que paus de cego e que na súa inorancia ou na súa comenencia coida que todol-os pobos son iguais, como si non tivese cada un a súa característica y-a súa persoalidade.”

“Na xuntanza está a forza e na forza está o trunfo”,
El Noroeste (1918)

“Era Rodríguez González, de certo, un bo coñecedor da lingua. Foi *Folerpas* a obra que o revelou nos eidos da lírica galega... En troques en *Oracións campesiñas* descóbrense mellores calidades poéticas. No descritivismo e no sentimentalismo que decorren polas estrofas, revélase certo pulo creador; e, sobre todo, unha maior riqueza de estilo, léxico e sintáctica.”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

(Leiro, 1864 – A Coruña, 1949)

Foi un escritor, xornalista e lexicógrafo galego. Dirixiu e colaborou en numerosos xornais e revistas coma *A Nosa Terra*, *Solidaridad Gallega*, *Suevia*, *El Noroeste* ou *Revista Gallega*. Participou nas Irmandades da Fala, no Seminario de Estudos Galegos, no coro Cántigas da Terra e en 1932 na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi membro fundador da Real Academia Galega e o seu presidente desde 1926 ata 1934.

GRANDES ÉXITOS



1894

Folerpas (1894) é unha escolma de poemas na que se recollen moitas das súas composicións que acadaron éxitos en diferentes certames poéticos. O mundo rural e a traxedia da emigración son as temáticas máis recorrentes.

Diccionario enciclopédico gallego-castellano (1958), publicado de maneira póstuma, segue a ser un referente na actualidade, xa que moitos dos dicionarios actuais beben das súas fontes. Á parte do significado das palabras, neste libro atopamos un compendio de explicacións históricas, xeográficas, etnográficas e literarias da Galicia do seu tempo.



1958

Outras das súas obras son *Raza e terra* (1922) e *Oracións campesiñas* (1927).

